

O PP de As Nogais paga 41.000 euros por despedir a unha administrativa co fin de colocar a un político, cuxo soldo case duplica ó da traballadora

Así se desprende da Acta de Conciliación do Xulgado do Social Nº2 de Lugo que demostra que o Goberno local botou a esta profesional, asumindo o tremendo gasto que isto supón para as arcas públicas, cun fin claramente partidista, xa que, na actualidade, é un edil, con dedicación exclusiva, o que se está ocupando de tarefas que, con anterioridade, desempeñaba a ex traballadora

Tendo en conta que se trataba dunha profesional que desenvolvía o seu cometido correctamente, polo que non existía causa aparente que xustificase a decisión do Alcalde, os socialistas requiriron explicacións no Pleno. A resposta do Rexedor foi: *a entidade local tivo que proceder á rescisión do contrato porque non había diñeiro para pagar o seu salario. A liquidación realizouse conforme ó estrictamente legal, como non podía ser doutro xeito*

O escándalo saltou cando se soubo que Núñez encargou ó seu equipo xurídico chegar a un acordo, xusto antes de celebrarse o xuízo, mediante o que o Concello se comprometía a aboarlle en varios prazos o importe pendente. A entidade local efectuou o último pago da indemnización este mesmo mes, o que demostra que o Rexedor "mentiu deliberadamente ós socialistas naquela sesión plenaria"

O PSOE considera que se "pechou un ano nefasto para as contas municipais, e que se resume en que, grazas á xestión caciquil do Alcalde, cada veciño de As Nogais pagamos uns 40 euros por despedir a unha persoa que resolvía innumerables papeleos"

O Concello de As Nogais, gobernado polo Partido Popular, pagou 41.000 euros para despedir a unha traballadora, especializada na área administrativa, para colocar no seu posto a un político. Así se desprende da Acta de Conciliación do Xulgado do Social Nº2 de Lugo que demostra que o Goberno local botou a esta profesional, asumindo o tremendo gasto que isto supón para as arcas públicas, cun fin claramente partidista, xa que, na actualidade, é un concelleiro, con dedicación exclusiva, o que se está ocupando de tarefas que, con anterioridade, desempeñaba a ex traballadora.

Os socialistas critican decididamente a actuación, "orquestada" polo Alcalde –Jesús Manuel Núñez, xa que "nunha situación de crise, como a que se está vivindo, que se deixe a unha persoa na rúa para colocar a un político é tomarlle o pelo ós centos de veciños que, lamentablemente, están en paro". A este respecto, afirman "non poder entender como se gasta o diñeiro deste xeito, sobre todo, porque para pagar dous Alcaldes o Partido Popular si que ten cartos, pero, sen embargo, para manter o emprego existente e para investir na mellora das infraestruturas básicas que están cada día máis deterioradas, non os ten".

O salario do edil case duplica ó da traballadora

Neste senso, denuncian a decisión adoptada polo Alcalde, xa que o que resulta máis inxustificable aínda é que o salario do político colocado case duplica o da ex administrativa. "Así actúan o Sr. Núñez e os gobernos do Partido Popular, colocando á xente a dedo. O Goberno de Rajoy dicía non hai moito tempo que o PP era o Partido dos traballadores e o que defendía os seus dereitos... O Partido Popular é todo menos isto, é o Partido dos amigos", conclúen.

Unha historia que se remonta a hai case un ano

En marzo de 2013, o equipo de goberno prescindiu definitivamente desta profesional, que asumía unha importante carga de traballo e que resolvía innumerables papeleos relacionados coa xestión municipal. Tendo en conta que se trataba dunha traballadora que desenvolvía o seu cometido

correctamente, e alertados por tal suceso, os socialistas requiriron explicacións ó Rexedor no Pleno. Neste caso, a resposta do Alcalde foi: *a entidade local tivo que proceder á rescisión do contrato porque non había diñeiro para pagar o seu salario. A liquidación realizouse conforme ó estrictamente legal, como non podía ser doutro xeito.*

O Alcalde mentiu ós socialistas

O escándalo saltou cando se soubo que o Rexedor encargou ó seu equipo xurídico chegar a un acordo, xusto antes de celebrarse o xuízo, mediante o que o Concello se comprometía a aboarlle en varios prazos o importe pendente, ata os preto de 41.000 euros que custou o proceso de liquidación. Para os socialistas, o feito de que o Alcalde propuxese este acordo antes do xuízo, "é a proba evidente de que era perfectamente consciente de que a traballadora non recibira a indemnización que lle correspondía por lei, demostrándose así que este mentiu deliberadamente en Pleno".

Este acordo derivou en varios ingresos a favor da ex administrativa ata completar, co último pago efectuado este mesmo mes, a totalidade da indemnización por despido. "Pechouse así un ano nefasto para as arcas municipais, que se resume en que, grazas á xestión caciquil do Alcalde, cada veciño de As Nogais pagamos uns 40 euros por despedir a unha persoa que resolvía innumerables papeleos ós máis necesitados de axuda. Esta é a vara de medir do Partido Popular: ós amigos hai que beneficialos e, o resto, se quedamos na rúa, non contamos", afirman.

16 de xaneiro de 2014

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo